

DECRETO

Cualedro, 16 de marzo de 2020

LUCIANO RIVERO CUQUEJO ALCALDE-PRESIDENTE

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e cóntase coa autorización do Congreso de Deputados.

A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Polo exposto, e a proposta da FEGAMP recibida o día 15 de marzo de 2020,

RESOLVESE en consideración ás competencias que atribue a lexislación vixente en materia de réxime local: en materia de persoal, e en caso de urxencia e para os supostos non atribuídos a outros órganos, a adopción das seguintes medidas dende o 16 de marzo e ata o día 29 de marzo de 2020:

- 1) A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través do teléfono: 988424004 da Casa do Concello.
- 2) Os servizos administrativos municipais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, dun modo moi reducido, equivalente a uns servizos mínimos, que serán atendidos por unha persoa de oficinas. O persoal alternará cada día a súa asistencia o traballo cos compañeiros de oficina.
- 3) Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, Protección Civil continuarán coa prestación dos respectivos servizos de xeito ordinario, que poderán ser reforzados cando a situación o requira.
- 4) Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos/as responsables de Área, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo nestes Departamentos.
- 5) O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

Concello de Cualedro

Avda. de Portugal, 8, Cualedro. 32689 Ourense. Tfno. 988424004. Fax: 988424026



Cod. Validación: 5PWPNF2F9HWTJDJG5LQEGHRF5 | Corrección: <https://cualedro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2